

MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DOCENTE DE PIANO APLICADO III-IV (PEDAGOXÍA) A CONSECUENCIA DA COVID 19

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015)

CURSO 2019-2020

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN											
DISCIPLINA : PIANO APLICADO III-IV (PEDAGOXÍA)											
ESPECIALIDADE:	PEDAGOXÍA					ITINERARIOS:	Pedagogía da Linguaxe Musical				
CARÁCTER:	OBRIGATORIA					TIPO DE CLASE:	INDIVIDUAL				
DEPARTAMENTO:	Improvisación e Acompañamento					XEFE DE DPTO.:	Matilde Rubio Mur				
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:	Matilde Rubio Mur		
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1	
ECTS/CUAD.			3	3					Observacións:	-----	
DOCENTES:	NOME E APELIDOS					EMAIL/TEL/WEB		TITORÍA			
	Matilde Rubio Mur					matilderubio@gmail.com		Venres 11-12 h.			

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR: Desenvolvemento dos principios básicos da técnica pianística, da capacidade de lectura á primeira vista e transposición, da improvisación e da comprensión dos elementos e procedementos constructivos (estruturas harmónicas, procesos formais, etc.). Traballo dun repertorio de diferentes estilos.	
COÑECEMENTOS PREVIOS: Os tratados no grao profesional en Piano Complementario	
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS: O estudo do Piano Aplicado debe verse como unha disciplina que globaliza e aúna distintas disciplinas como son Análise, Formación e adestramento auditivo e vocal, Composición, Redución de partituras, Improvisación e acompañamento e Composición aplicada. A disciplina está deseñada para que sexa unha ferramenta para o docente e compositor. Creada con un carácter eminentemente práctico e funcional para o futuro músico, introducíndolle na audición e práctica polifónica, así como na análise e no desenvolvemento de estruturas harmónicas. As diferentes disciplinas reúnen certas características comúns, cuo coñecemento e práctica son esenciais para a formación dun músico, e o Piano Aplicado ten a virtude de facer este percorrido transversal ao longo delas.	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T3, T6, T13
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X2, X3, X4, X6, X8, X10, X13, X17, X21, X22, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EP2, EP3, EP5, EC1, EC9
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Desenvolver unha técnica pianística básica para conseguir unha relaxación fisiolóxica e mental que permita a comprensión e realización das ideas musicais no teclado, empregando as posibilidades sonoras do instrumento.	TODAS
Alcanzar progresivamente rapidez de reflexos na lectura a primeira vista, o transporte e a redución/simplificación de partituras, a través da aplicación do análisis.	T3, T13, X1, X2, X3, X4, X6, X8, X13, X17, X21, X24, EP3, EC1, EC9
Estudar estruturas harmónicas básicas frecuentemente utilizadas.	T3, T13, X1, X4, X13, X17, EP2, EP3, EC1
Analizar harmónicamente partituras sabendo extraer delas os elementos básicos e establecer solucións paralelas ás do autor.	T3, T13, X1, X2, X4, X8, X13, X17, X21, X22, X24, EP3, EC1, EC9
Inventar motivos melódicos desenvolvidos de acordo cos procesos de pregunta-resposta e adaptación por transporte e enlace de estruturas harmónicas básicas.	T3, T13, X2, X22, EP2, EP3,
Desenvolver a creatividade rítmica, melódica e harmónica. Improvisando o teclado por medio de estruturas harmónicas	T3, T6, T13, X1, X2, X4,

cada vez mais desenvolvidas, e aplicando todos os coñecementos estudados.	X13, X21, X22, EC1, EC9
Saber realizar distintos tipos de acompañamentos desenvolvendo unha estrutura harmónica dentro dun discurso musical, aplicando todos os medios técnicos aprendidos, do xeito mais evolucionado posible e co estilo que se traballe.	T3, T6, T13, X1, X2, X4, X13, X21, X22, EP2, EP3, EP5, EC1, EC9

4. CONTIDOS		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS 1º CUADRIMESTRE (Piano Aplicado III)	SESIÓNS
1. Desenvolvemento técnico	1.1 Funcionamento e mecanismo xeral, escape, pedais. 1.2 Acústica e sonoridade. 1.3 Aspectos posturais e relaxación. 1.4 Técnica dixital e braquial. 1.5 Paso do pulgar. Escalas e arpegios. 1.6 Notas dobres, técnica polifónica básica. 1.7 Articulación. Dinámica. Tipos e ataques relacionados. 1.8 Dixitación. Musical e fisiológica. 1.9 Pedalización.	2
2. Análise	2.1 Análise formal 2.2 Análise harmónico 2.3 Análise melódico	2
3. Interpretación	3.1 Os estilos na literatura pianística. Interpretación de 2 obras de estilos diferentes ¹ 3.2 A memoria na interpretación pianística.	2
4. Repentización	4.1 A lectura a primeira vista 4.2 O transporte 4.3 A redución/simplificación de partituras 4.4. Aplicación a leccións de solfeo tocando e cantando á vez.	2
5. Área creativa	5.1 Harmónica. 5.1.1 Enlaces de acordes. Investimentos. 5.1.2 Estructuras harmónicas. Tonalidades maiores e menores, graos I-II-III-IV-V-V7-VI-VII- V do V, Acordes de sétima. 5.1.3 Cadencias. 5.2 Melódica. 5.2.1 Creación de melodías (Desenrolo de motivos e adaptación ás diferentes estruturas harmónicas por enlace ou transporte). 5.2.2 Célula, motivo, semifrase, frase. 5.2.3 Emprego de notas reais e estranas ao acorde. 5.2.4 Improvisación conscente e meditada, establecendo unas pautas previas basadas nos contidos anteriores tanto armónicos como melódicos 5.3 Acompañamento. 5.3.1 Harmonización de melodías clásicas, populares ou de música lixera (melodía acompañada). 5.3.2 Utilización do cifrado americano. 5.3.3 Acompañamentos con patróns rítmicos de dificultade crecente, utilizando acordes placados, despregados ou rotos e acordes en estado fundamental e investidos. 5.3.4 Acompañamento a dúas mans. 5.3.5 Melodía na man dereita e acordes na esquerda.	6
6. Repaso dos contidos tratados	6.1 Repaso, afianzamento e cuestiónns que poidan xurdir sobre os contidos traballados	2
TOTAL SESIÓNS:		16 ²
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS 2º CUADRIMESTRE (Piano Aplicado IV)	SESIÓNS
1. Desenvolvemento técnico	1.1 Funcionamento e mecanismo xeral, escape, pedais. 1.2 Acústica e sonoridade. 1.3 Aspectos posturais e relaxación. 1.4 Técnica dixital e braquial. 1.5 Paso do pulgar. Escalas e arpegios. 1.6 Notas dobres, técnica polifónica básica. 1.7 Articulación. Dinámica. Tipos e ataques relacionados. 1.8 Dixitación. Musical e fisiológica. 1.9 Pedalización.	1
2. Análise	2.1 Análise formal 2.2 Análise harmónico 2.3 Análise melódico	1
3. Interpretación	3.1 Os estilos na literatura pianística. Interpretación de 2 obras de estilos diferentes ³ 3.2 A memoria na interpretación pianística.	1
4. Repentización	4.1 A lectura a primeira vista 4.2 O transporte 4.3 A redución/simplificación de partituras 4.4. Aplicación a leccións de solfeo tocando e cantando á vez.	1
5. Área creativa	5.1 Harmónica. 5.1.1 Enlaces de acordes. Inversións. 5.1.2 Estructuras harmónicas Tonalidades maiores e menores, graos I-II-III-IV-V-V7-VI-VII- V do V, Acordes de sétima. Pedal de tónica e dominante. 5.1.3 Cadencias. 5.2 Melódica. 5.2.1 Creación de melodías (Desenrolo de motivos e adaptación ás diferentes estruturas harmónicas por enlace ou transporte). 5.2.2 Célula, motivo, semifrase, frase. 5.2.3 Emprego de notas reais e estranas ao acorde. 5.2.4 Improvisación conscente e meditada, establecendo unas pautas previas basadas nos contidos anteriores tanto armónicos como melódicos 5.3 Acompañamento. 5.3.1 Harmonización de melodías clásicas, populares ou de música lixera (melodía acompañada).. 5.3.2 Acompañamentos con patróns rítmicos de dificultade crecente, utilizando acordes placados, despregados ou rotos e acordes en estado fundamental e investidos. 5.3.3. Acompañamento a dúas mans. 5.3.5 Melodía na man dereita e acordes na esquerda.	1

¹ Recoméndase que o longo de todo o curso o alumno traballe 4 obras de diferentes estilos. Será o profesor o que decida en función do alumno que dous estilos traballa en cada un dos cuadrimestres.

² Ler o punto 8. Observacións, desta programación

³ Recoméndase que o longo de todo o curso o alumno traballe 4 obras de diferentes estilos. Será o profesor o que decida en función do alumno que dous estilos traballa en cada un dos cuadrimestres.

6. Repaso dos contidos tratados	6.1 Repaso, afianzamento e cuestiónns que poidan xurdir sobre os contidos traballados	0
TOTAL SESIÓNS:		5

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Práctica na aula: Explicarase os diferentes contidos, para pasar rapidamente á súa realización ao piano por parte do alumno. Partirase dunha peza o fragmento clásico ou popular Realizando: 1. Lectura e análise formal, melódica, rítmica e harmónica. 2. Exercicios harmónicos derivados da análise en distintas tonalidades 3. Transporte de acordo coa estrutura harmónica 4. Improvisación de acordo coa estrutura harmónica.	16 / 5		16 / 5
Práctica individual: Adestramento persoal do alumnos de todas as ferramenta e técnicas achegadas polo docente na aula.		73 / 84	73 / 84
Actividades de avaliación	1		1
TOTAL HORAS:			90

6. AVALIACIÓN			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA			
6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)			
Por mor da declaración do Estado de Alarma e a suspensión das clases presenciais, o período computable para esta modalidade de avaliación no segundo cuadrimestre será o comprendido entre o 3 de febreiro e o 12 de marzo, ambos inclusive. Non obstante, co obxectivo de proporcionar ao alumnado a posibilidade de mellorar as súas cualificacións finais, avaliarase de xeito complementario e sempre adicional o traballo levado a cabo durante o período de ensinanza a distancia.			
Asistencia e rendemento na clase	Amosar na aula unha boa predisposición e unha capacidade de aprendizaxe progresiva como resultado da optimización do rendemento da práctica individual	TODAS	40%
Interpretar ao piano 2 obras de diferentes estilos e dificultade adecuada, aplicando os medios técnicos e sonoros necesarios para a súa resolución	Manter unha posición correcta de toda a anatomía implicada na execución, favorecendo a calidade sonora e ligando os aspectos técnicos e musicais. (Obxectivo 1)	TODAS	15%
Realizar un exercicio referentes ao tema de Repentización	Amosar autonomía e solvencia na lectura de fragmentos e obras (Obxetivos 2 , 3 y 4)	T3, T13, X1, X2, X3, X4, X6, X8, X13, X17, X21, X22, X24, EP2, EP3, EC1, EC9	15%
Dada unha estrutura harmónica, improvisar dous acompañamentos en diferentes tonalidades	Aplicar os coñecementos harmónicos e pianísticos adecuadamente (Obxetivos 3, 6 y 7)	T3, , T6, T13, X1, X2, X4, X13, X17, X21, X22, EP2, EP3, EP5, EC1, EC9	15%
Dado un acompañamento improvisar unha melodía formalmente	Amosar os coñecementos harmónicos, melódicos e pianísticos, así como a escoita interna. (Objetivos 4, 5, 6 y 7)	T3, T6, T13, X1, X2, X4, X13, X21, X22, EP2, EP3, EP5, EC1, EC9	15%
Traballo no período de ensinanza a distancia	Seguimento do traballo individual fora da aula por medios telemáticos.	Todas	30% adicional a partir da nota da avaliación continua

6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)

Interpretar ao piano 2 obras de diferentes estilos e dificultade adecuada, aplicando os medios técnicos e sonoros necesarios para a súa resolución	Manter unha posición correcta de toda a anatomía implicada na execución, favorecendo a calidade sonora e ligando os aspectos técnicos e musicais. (Obxectivo 1)	TODAS	25%
Realizar un exercicio referentes ao tema de Repentización	Amosar autonomía e solvencia na lectura de fragmentos e obras (Obxetivos 2 , 3 y 4)	T3, T13, X1, X2, X3, X4,X6, X8, X13, X17, X21, X22, X24, EP2, EP3, EC1, EC9	25%
Dada unha estrutura harmónica, improvisar dous acompañamentos en diferentes tonalidades	Aplicar os coñecementos harmónicos e pianísticos adecuadamente (Obxetivos 3, 6 y 7)	T3, , T6, T13, X1, X2, X4, X13,X17, X21, X22,EP2, EP3,EP5, EC1, EC9	25%
Dado un acompañamento improvisar unha melodía formalmente	Amosar os coñecementos harmónicos, melódicos e pianísticos, así como a escoita interna. (Objetivos 4, 5, 6 y 7)	T3, T6, T13, X1, X2, X4, X13,X21, X22, EP2, EP3, EP5, EC1, EC9	25%

6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA AVALIACIÓN CONTINUA con máis de 3 faltas) Por mor da declaración do estado de alarma estas probas terán lugar por medios telemáticos

Interpretar ao piano 2 obras de diferentes estilos e dificultade adecuada, aplicando os medios técnicos e sonoros necesarios para a súa resolución	Manter unha posición correcta de toda a anatomía implicada na execución, favorecendo a calidade sonora e ligando os aspectos técnicos e musicais. (Obxectivo 1)	TODAS	25%
Realizar un exercicio referentes ao tema de Repentización	Amosar autonomía e solvencia na lectura de fragmentos e obras (Obxetivos 2 , 3 y 4)	T3, T13, X1, X2, X3, X4,X6, X8, X13, X17, X21, X22, X24, EP2, EP3, EC1, EC9	25%
Dada unha estrutura harmónica, improvisar dous acompañamentos en diferentes tonalidades	Aplicar os coñecementos harmónicos e pianísticos adecuadamente (Obxetivos 3, 6 y 7)	T3, , T6, T13, X1, X2, X4, X13,X17, X21, X22,EP2, EP3,EP5, EC1, EC9	25%
Dado un acompañamento improvisar unha melodía formalmente	Amosar os coñecementos harmónicos, melódicos e pianísticos, así como a escoita interna. (Objetivos 4, 5, 6 y 7)	T3, T6, T13, X1, X2, X4, X13,X21, X22, EP2, EP3, EP5, EC1, EC9	25%

6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

Por mor da declaración do estado de alarma estas probas terán lugar por medios telemáticos

Interpretar ao piano 2 obras de diferentes estilos e dificultade adecuada, aplicando os medios técnicos e sonoros necesarios para a súa resolución	Manter unha posición correcta de toda a anatomía implicada na execución, favorecendo a calidade sonora e ligando os aspectos técnicos e musicais. (Obxectivo 1)	TODAS	25%
Realizar un exercicio referentes ao tema de Repentización	Amosar autonomía e solvencia na lectura de fragmentos e obras (Obxetivos 2 , 3 y 4)	T3, T13, X1, X2, X3, X4,X6, X8, X13, X17, X21, X22, X24, EP2, EP3, EC1, EC9	25%
Dada unha estrutura harmónica, improvisar dous acompañamentos en diferentes tonalidades	Aplicar os coñecementos harmónicos e pianísticos adecuadamente (Obxetivos 3, 6 y 7)	T3, , T6, T13, X1, X2, X4, X13,X17, X21, X22,EP2, EP3,EP5, EC1, EC9	25%
Dado un acompañamento improvisar unha melodía formalmente	Amosar os coñecementos armónicos, melódicos e pianísticos, así como a escoita interna. (Objetivos 4, 5, 6 y 7)	T3, T6, T13, X1, X2, X4,X8, X13,X21, X22, X24, EP2, EP3, EP5, EC1, EC9	25%

Observacións: No caso da avaliación continua, aínda que se avalía e cualifica cada unha das clases para obter a cualificación final en base ás porcentaxes indicadas, poderá realizarse un exame ó final do cuadrimestre, en caso de querer obter unha cualificación superior á conseguida coa media resultante da avaliación diaria. O exame será o mesmo que para a avaliación alternativa e a extraordinaria. Nese caso, a cualificación final, será a nota media entre a resultante da avaliación continua e a obtida no exame realizado.

SISTEMA DE CUALIFICACIÓN:

Cualificarase en función da seguinte escala numérica de 0 a 10, con expresión de un decimal, á que poderá engadirse a súa correspondente cualificación cualitativa (Orde do 30 de setembro de 2010, Artigo 13º, apartado 6)

0-4,9: Suspenso

5,0-6,9: Aprobado

7,00-8,9: Notable

9,00-10: Sobresaliente

A Mención de “Matrícula de Honra” poderá ser outorgada a alumnos ou alumnas que obteñan unha cualificación igual ou superior a 9,0. O seu número non poderá exceder o 20% de alumnos/as matriculados/as nunha materia no correspondente curso académico, non sendo que o número de alumnos/as matriculados/as sexa inferior a 20, caso en que se poderá conceder unha soa matrícula de honra.

Para a obtención da matrícula de honra, en caso de haber máis aspirantes que número de matrículas a outorgar, realizarase unha proba específica que consistirá en unha estrutura harmónica a desenvolver, unha lectura a primeira vista e dúas obras a interpretar. Esta proba será xulgada por alomenos tres membros do departamento.

7. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS

A. Manuais de consulta

- Apellániz Segura, E; González Sarmiento, F. J; Molina, Emilio (2006). Piano complementario 2. Madrid: Enclave Creativa Ediciones S.L.
- Apellániz Segura, E; González Sarmiento, F. J; Molina, Emilio (2007). Piano complementario 1. Madrid: Enclave Creativa Ediciones S.L.
- Bach, J. S. por García Vázquez, J.R. (2010) *22 pequeños preludios. Análisis y metodología de trabajo*. Madrid: Enclave Creativa
- Bach, J. S. por García Vázquez, J. R. (2008) *15 invenciones a dos voces. Análisis y metodología de trabajo*. Madrid: Enclave Creativa.
- Burgmüller por Molina, E; Molina, C. (2006). *25 estudios fáciles para piano. Op 100. Análisis y metodología de trabajo*. Madrid: Enclave Creativa
- Molina, E.(1990). *Improvisación al piano. Volumen 1. Ejercicios fundamentales*. Madrid: Real Musical (reeditado por Enclave Creativa).
- Molina, E. (1994). *Improvisación al piano. Volumen 2. Desarrollo de estructuras armónicas*. Madrid: Real Musical. (reeditado por Enclave Creativa)
- Molina, E. (1994). *Improvisación al piano. Volumen 3. Estructuras melódicas*. Madrid: Real Musical. (reeditado por Enclave Creativa)
- Molina, E; Cisneros, J; Doña, I; Rodríguez, J.(2007). *Improvisación y acompañamiento. Volumen 1*. Madrid: Enclave Creativa Ediciones S.L
- Molina, E.: (2007) *Piano complementario, 3*. Madrid: Enclave Creativa Ediciones S.L.
- Molina, E.: (2007) *Piano complementario, 4*. Madrid: Enclave Creativa Ediciones S.L.

B. Partituras orientativas

- **Estudios:** Czerny op.299, op. 77 y op.337, op. 365; Jensen op.32, Burgmüller (op. 100,105 e 109), Lemoine op. 37, Cramer, Beyer op.101, Heller (op. 45), Bertini op.29. Op. 32 e op. 100; Diabelli: Estudios melódicos fáciles op. 149.
- **Barroco:** J. S. Bach: álbum de Ana Magdalena Bach, Invencions e sinfonías, Pequenos preludios e fugas, algunha danza de Suites ou Partitas; Scarlatti: sonatas.
- **Clasicismo:** Sonatinas de Clementí, Dussek, Kuhlau, Diabelli, Beethoven, Mozart (Seis sonatinas vienesas, 12 Valses), Haydn: Seis sonatinas Opus 36; algún movemento de Sonatas de Mozart (exemplo: Sonata Fácil), ou de Sonatas de Haydn.
- **Romanticismo:** Álbum Da mocidade, Escenas de nenos e Escenas do bosque de Schumann, Pezas líricas de Grieg, Tchaikovsky: Álbum e a mocidade, As estacións 12 pezas para piano op. 40, Romanzas sen palabras de Mendelssohn, Valses de Brahms, Reger: Recordos de mocidade.
- **Século XX:** Bartok: For children e Mikrokosmos; Casella: 11 Pezas infantís; Debussy: Children's corner e Reverie; Kabalevsky: pezas infantís op. 39 e op. 51, Sonatina op. 13, 4 pequenas pezas op. 14; Kodaly: danzas e pequenas pezas; Kachaturian: Pezas para nenos, Estampas de nenos; Prokofiev: 12 Pezas infantís op. 65 e outras pezas breves; Satie: Gymnopédies, Gnossiennes e outras pezas curtas; Smetana: Pezas fáciles; Shostakovich: 6 Pezas infantís; Stravinsky: Valses para nenos e 3 Pezas fáciles.



- **Obras españolas:** Danzas españolas de Granados; Follas de álbum e 6 pequenos valeses de Albéniz; A. G. Abril: Preludios de Mirambel.
- **Obras a 4 mans:** Sonatinas de Diabelli; Sonatas de Mozart; Sonatas de C. Ph. E. Bach; A miña nai a oca de Ravel; Danzas húngaras de Brahms; M. Camp Basic Jazz vol. 2; 15 pequenas danzas para piano a 4 mans de Beethoven; Pezas fáciles para piano a 4 mans de distintos autores prebarrocos, barrocos e clásicos arranxadas por Leopold J. Beer; The Joy Piano Duets (melodías clásicas arranxadas para piano a 4 mans), French piano Duets (Debussy, Ravel, Satie), Reduções de Suites de Bach a 4 mans.

8. OBSERVACIÓNS

O tipo de contidos desta asignatura fai imposible na maioría dos casos a organización deles en sesións illadas e perfectamente delimitadas. A materia, eminentemente práctica, é de carácter tanto acumulativo como continuado e depende en gran medida da particularidade de cada alumno, pois hai grandes diferenzas en canto a velocidade de aprendizaxe e asimilación dos contidos. **Unha vez estudado éstos repítense unha e outra vez ao longo de todo o cuatrimestre, non quedando relegados só á sesión onde se introduciu.**

Dado que o numero de semanas non coincide co número de sesións adaptárase cada curso segundo número e colocación dos festivos e as diversas actividades do centro modificando se fora necesario no propio curso o número de sesión asignadas a cada tema ; en ningún caso se incluírán temas deste curso no seguinte.